fundación
VEDRUNA
EDUCACIÓN
María Inmaculada-Vigo

PROCEDEMENTO PARA A ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS DISTINTOS SECTORES NO CONSELLO ESCOLAR, E A SÚA CONSTITUCIÓN

Outubro 2026

O Titular do CPR Plurilingüe María Inmaculada de acordo co disposto no artigo 26 números 1 e 2 do Regulamento de Normas Básicas sobre Concertos Educativos, e na Orde de 28 de agosto de 1996 sobre elección de órganos de goberno dos centros privados concertados, en desenvolvemento do artigo 56 da LODE, pon en coñecemento da comunidade educativa o procedemento de renovación e constitución do Consello Escolar, aprobado pola Xunta Electoral, que terá lugar conforme ao disposto nas seguintes disposicións:

TÍTULO I
PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN

CAPÍTULO PRIMEIRO

Art. 1 O procedemento de elección de representantes dos distintos sectores no Consello Escolar dos centros concertados desenvolverase no primeiro trimestre do curso que corresponda[1]. A Consellería de Educación fixará a data de celebración cun mes de antelación.

Art. 2 O procedemento de elección dos representantes dos membros elixibles do Consello axustarase aos principios de publicidade e obxectividade.

Art. 3 O dereito a elixir representantes corresponde aos pais, nais, profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos de acordo co establecido nas presentes normas.

Para o seu exercicio é indispensable a inscrición no censo electoral correspondente.

CAPÍTULO SEGUNDO: NORMAS XERAIS

Sección primeira: Xunta Electoral

Art. 4 Para os efectos de organización e supervisión do proceso electoral, constituirase unha Xunta Electoral.

Art. 5 A Xunta Electoral estará integrada por[2]:

- o director ou directora do centro, que a preside
- un representante da entidade Titular
- un pai, nai ou titor legal
- un membro do persoal de administración servizos
- un representante do profesorado
- un alumno ou alumna, a partir do 1º curso da ESO[3]

---

[1] Decreto 92/1988 do 28 de abril (DOG 29/04/88), art. 29º, e artigo 1º da O. 28-8-1996.
[2]Orde do 28 de agosto de 1996 (DOG 26/9/1996), art. 7º.
[3]Por aplicación do Art. 56º LODE, redacción da D. Final Primeira LOE (L.O. 2/2006 de 3 de maio) e D. 92/1988

Art. 6 Os membros da Xunta Electoral, coa excepción dos que o sexan por razón do seu cargo, elixiranse mediante SORTEO público promovido polo director ou directora[4]. Para tal fin, o titular da dirección deberá ter elaborados os censos electorais con anterioridade á data fixada.

No sorteo determinaranse os nomes e apelidos do titular e dous suplentes representantes de cada un dos distintos sectores da Comunidade Educativa. Os resultados do sorteo faranse públicos no taboleiro de anuncios do colexio.

A condición de membro da Xunta Electoral será irrenunciable, e incompatible coa condición de candidato. No suposto anterior de incompatibilidade, pasará a formar parte da Xunta Electoral o correspondente suplente.

Art. 7 Son COMPETENCIAS da Xunta Electoral[5]:

a) Aprobar e publicar os censos electorais, que deberán reflectir nome e apelidos dos electores, e as súas modificacións.
b) Concretar o calendario e o horario das votacións
c) Ordenar o proceso electoral.
d) Aprobar, no seu caso, os modelos de papeletas electorais.
e) Admitir e proclamar as candidaturas.
f) Promover a constitución das mesas electorais.
g) Resolver as reclamacións que se presenten contra os acordos das mesas electorais e da propia Xunta.
h) Proclamar as candidaturas elixidas.
i) Remitir as actas á Xefatura Territorial da Consellería de Educación.
j) Reclamar do Titular a designación de 3 representantes no Consello Escolar.
k) Reclamar da Asociación de Pais máis representativa o seu representante no Consello Escolar[6].
l) Reclamar, de ser o caso, das Asociacións Empresariais, un representante que actuará con voz e sen voto[7] (só centros FP)

Art. 8 A Xunta Electoral constituirase e reunirase por convocatoria do presidente/presidenta.

Os acordos da Xunta adoptaranse por maioría dos votos. En caso de empate o presidente ten voto de calidade.

O Secretario/a, que será elixido por sorteo ou por mutuo acordo, levantará as correspondentes actas das reunións da Xunta, que serán subscritas polo secretario co visto e prace do presidente/presidenta.

As actas estenderanse por triplicado. Unha copia remitirase á Secretaría do centro; outra quedará en poder do secretario ou secretaria da Xunta Electoral e a última, ou un extracto desta, exporase no taboleiro de anuncios do centro.

[4]Orde do 28 de agosto de 1996 (DOG 26/9/1996), art. 7º.
[5]Orde do 28 de agosto de 1996 (DOG 26/9/1996) art. 7º.2
[6]O. 28/08/1996, art. 8º.
[7]O. 28/08/1996, art. 9º.

Sección Segunda: Censos Electorais

Art. 9 Os censos electorais serán elaborados pola entidade Titular do centro, que os proporá á Xunta Electoral para a súa aprobación e publicación.

A publicación dos censos realizarse mediante a exposición destes no taboleiro do centro, con polo menos 10 días de antelación ao acto electoral[8]. Os pais, nais ou titores poderán presentar reclamación contra os censos, no prazo que sinale a Xunta Electoral.

A Xunta Electoral resolverá as reclamacións ou solicitudes de modificación na composición dos censos que, unha vez aprobados, serán publicados segundo o parágrafo anterior.

Sección Terceira: Candidaturas

Art. 10 As candidaturas deberán presentarse á Xunta Electoral para a súa admisión e proclamación. As candidaturas presentaranse por escrito, no que se fará constar o sector para o que se presenta, o nome e apelidos do candidato. Así mesmo, acreditarase a aceptación do candidato ou candidatos.

O prazo de admisión de candidatos **non será inferior a sete días naturais**[9].

Son electores e elixibles todos os membros da comunidade escolar, a excepción dos alumnos, que só o serán a partir do primeiro curso da ESO[10].

Os candidatos só poderán ser elixidos por un dos sectores da comunidade escolar[11].

Art. 11 A proclamación das candidaturas realizarase mediante a exposición, no taboleiro de anuncios do centro, das candidaturas admitidas pola Xunta Electoral. Contra o acordo de proclamación de candidatos poderá interpoñerse reclamación, segundo o disposto no artigo 51 e seguintes.

Art. 12 Se, con posterioridade á proclamación das candidaturas, algún candidato perdera a condición de elector, perderá así mesmo a de elixible.

Sección Cuarta: Mesas Electorais

Art. 13 Constituirase unha Mesa Electoral por cada un dos sectores da Comunidade Educativa que deben de elixir aos seus representantes no Consello Escolar.

As Mesas Electorais estarán integradas polo presidente ou presidenta e os vogais. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, que serán designados, no seu caso, por sorteo.

---

[8]Decreto 92/1988 do 28 de abril , art. 41º. (Este decreto foi modificado polo Decreto 279/1990 e polo Decreto 324/1996)
[9]Decreto 92/1988 art. 32º. 2.
[10]Art. 56º LODE, redacción da D. Final Segunda LOMCE.
[11]Decreto 92/1988 do 28 de abril, art. 32º.1.

Art. 14 Son competencias das Mesas Electorais[12]:

- Presidir e ordenar o acto de votación.
- Identificar os electores e deixar constancia do exercicio do dereito ao voto destes.
- Levar a cabo o escrutinio.
- Conservar a orde e velar pola pureza do escrutinio.
- Resolver as reclamacións que se presenten en relación co desenvolvemento da votación ou escrutinio.

Art. 15 As Mesas Electorais constituiranse por convocatoria do Presidente o día en que teñan lugar as eleccións, e permanecerán constituídas ata que se subscriba a correspondente acta de constitución, votación e escrutinio.

Á sesión de constitución convocaranse os vogais titulares e suplentes. No suposto de non comparecencia dos vogais titulares, a Mesa Electoral constituirase incorporando aos correspondentes vogais suplentes. No caso de non comparecencia dos vogais e de ningún dos suplentes, non se invalidará a constitución da Mesa.

Art. 16 Os acordos das Mesas Electorais adoptaranse por maioría dos membros presentes. En caso de empate, o presidente ten voto de calidade.

As Mesas Electorais levantarán **acta** comprensiva da súa constitución, do desenvolvemento da votación e escrutinio, das reclamacións presentadas e resolución que adoptaran, así como doutras posibles incidencias. Na dita acta, en relación co escrutinio, farase constar o número de electores, o número de votantes, o número de papeletas nulas, o número de papeletas válidas distinguindo, dentro delas, o número de votos en branco e o número de votos obtidos por cada candidatura, para efectos de posibles substitucións futuras dos candidatos proclamados[13].

A acta (que se redactará por triplicado) será asinada por todos os membros da Mesa. Un exemplar enviarase á Xunta Electoral do Centro, e outro á Secretaría. O terceiro exemplar, ou un extracto, publicarase no taboleiro do centro. Así mesmo, remitirase á Xefatura Provincial da Consellería de Educación copia da acta do escrutinio realizado en cada mesa electoral.[14]

Sección quinta: Papeletas e Sobres

Art. 17 A Xunta Electoral poderá aprobar determinados modelos de papeleta.

As papeletas para a elección de representantes do profesorado, alumnado e persoal de Administración y Servizos, conterán a relación de todos os candidatos por orde alfabética de apelidos.

As asociacións ou grupos de candidatos que o desexen, logo da solicitude diante da Xunta Electoral e previa a súa autorización, poderán confeccionar papeletas nas que, figurando todos os candidatos admitidos e proclamados pola Xunta, estean sinalados cunha cruz os candidatos que se propoñan para elixir. Nestas papeletas figurará dun modo claro e destacado a identidade ou siglas da asociación ou grupo que os propoñen.

No momento da votación as papeletas estarán expostas de forma que se garanta o segredo do

[12]Decreto 92/1988, art. 39º.2.
[13]Decreto 92/1988, art. 50º.
[14]Resolución do25/09/2018. Contén Modelo no Anexo I da Resolución.

voto.

Se a Xunta exercita a facultade do primeiro parágrafo deste artigo, só serán válidos os votos emitidos nos modelos de papeletas aprobados.

O acordo da Xunta Electoral establecendo os modelos de papeletas farase público no taboleiro de anuncios do centro, xunto cos ditos modelos.

Art. 18 Para o acto da votación o director ou directora asegurarase a dispoñibilidade de papeletas e sobres. Uns e outros serán, respectivamente, do mesmo tamaño e da mesma cor.

Sección sexta: Votación

Art. 19 O día da votación non se admitirá no centro docente ningún tipo de propaganda electoral.

Art. 20 En ningún caso será admitido o voto por representación. O voto será directo, secreto e non delegable[15].

Art. 21 A votación iniciarase á hora establecida para o efecto. No caso da elección de representantes do profesorado e de persoal de administración e servizos, a continuación da constitución das correspondentes mesas electorais.

Cando chegue a hora da conclusión do acto, só votarán as persoas presentes na sala.

Art. 22 O vogal secretario de cada mesa electoral deixará constancia nunha copia do censo electoral dos electores que exerciten o seu dereito ao voto.

Sección sétima: escrutinio e proclamación de candidatos electos.

Art. 23 Concluída a votación, o presidente ou presidenta da Mesa abrirá a urna e iniciará o reconto de votos.

O escrutinio será público[16].

Art. 24 Serán nulos os votos emitidos en sobres ou papeletas diferentes das oficiais, os emitidos en papeletas sen sobre, ou en sobre que conteña máis dunha papeleta.

Tamén serán nulos os votos emitidos en papeletas onde non consten correctamente os nomes ou apelidos do candidato/os, ou as que conteñan rascaduras ou inscricións distintas do nome ou apelidos.

De igual forma, serán nulas as papeletas para a elección de representantes de pais e nais, do profesorado e do alumnado nas que se sinalen como elixidos un número de candidatos maior do

[15]Decreto 92/1988, art. 49º.
[16]Decreto 92/1988, art. 50º.

que corresponda elixir, segundo os postos que deban cubrirse.

Art. 25 A Xunta Electoral, recibidas as actas, declarará candidatos electos aos candidatos con maior número de votos

A proclamación de candidatos realizarase sobre a base do escrutinio incluído nas actas levantadas polas mesas electorais, e unha vez que se resolvan as reclamacións presentadas contra os acordos das mesas.

CAPÍTULO TERCEIRO. NORMAS ESPECIAIS PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS e NAIS

Art. 26 Na elección de representantes dos pais e nai ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do nivel concertado, son electores o pai e a nai, ou no seu caso o titor ou titora legal dos alumnos e alumnas matriculados no momento de teren lugar as eleccións, independentemente do número de fillos escolarizados.

No suposto de que a **patria potestade**[17]se encontre conferida a un só dos proxenitores, só este será elector.

Art. 27 A Mesa Electoral constituirase media hora antes de iniciarse a votación.

A Mesa estará integrada polo director ou directora do centro, que a presidirá, e catro vogais[18] (pais, nais ou titores) elixidos por sorteo público entre os que non se presenten a candidatos. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados por sorteo . No suposto de incomparecencia dos vogais titulares, a Mesa constituirase incorporando aos correspondentes vogais suplentes.

Actuará de secretario o vogal de menor idade[19].

Art. 28 Poderán actuar como supervisores da votación os pais propostos á Mesa Electoral pola Xunta Directiva da Asociación de Pais, ou avalados para isto pola sinatura de 10 electores. Os supervisores deberán presentarse na Mesa antes de iniciarse a votación, presentando o aval ou proposta[20].

Art. 29 Para exercer o seu dereito ao voto, os electores deberán identificarse mediante a presentación do DNI ou calquera outro documento oficial acreditativo [21].

Art. 30 A Xunta Electoral determinará a hora de inicio e conclusión da votación, de maneira que todos os electores poidan exercer o seu dereito a voto. O horario de votación será ininterrompido, e non poderá ser inferior a 3 horas.

Art. 31 A Xunta Electoral proclamará como representantes dos pais e nais no Consello Escolar do centro aos dous candidatos que obtiveran maior número de votos.

No caso de empate, este dirimirase en favor dos que posúan maior antigüidade no centro escolar e, no caso de igualdade, a elección dirimirase por sorteo[22].

[17]Non confundir patria potestade con garda e custodia.
[18]Decreto 92/1988 art. 39
[19]Id. nota anterior.
[20]Decreto 92/1988, art. 40º.
[21]Decreto 92/1988, art. 42º.
[22]Decreto 92/1988, art. 50º.

CAPÍTULO CUARTO. NORMAS ESPECIAIS PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO

Art. 32 Na elección de representantes do profesorado no Consello Escolar do centro do nivel concertado, serán electores todos os profesores e profesoras que formen parte do claustro do dito nivel no momento de ter lugar as eleccións.

Art. 33 Son elixibles os electores cuxa candidatura fora proclamada pola Xunta Electoral.

Art. 34 A votación terá lugar nunha sesión extraordinaria do Claustro de profesores, convocada para o efecto polo director do centro, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes do profesorado[23].

Na reunión do claustro o director lerá as normas do procedemento electoral relativas á elección dos representantes dos profesores no Consello Escolar, así como a relación de candidatos proclamados como tales pola Xunta.

Art. 35 Cando se reúna o Claustro, constituirase a Mesa Electoral.

O Claustro considerarase constituído calquera que sexa o número de asistentes.

A Mesa estará integrada polo director ou directora do centro, que a preside, e os profesores de maior e menor idade como vogais.

Actuará de secretario o vogal de menor idade[24].

Art. 36 Constituída a Mesa, iniciarase a votación.

Durante a votación poderán facerse presentes e exercitar o seu dereito ao voto os electores presentes que non asistiran á reunión do Claustro desde o seu inicio.

Unha vez que voten todos os electores presentes, o presidente cerrará o acto da votación.

Art. 37 A Xunta Electoral proclamará como representantes dos profesores no Consello Escolar aos candidatos que obtiveran un maior número de votos.

En caso de empate, a Xunta proclamará representante ao que posúa maior antigüidade no centro escolar e, en caso de igualdade, a elección dirimirase por sorteo[25].

CAPÍTULO QUINTO. NORMAS ESPECIAIS PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO

Art. 38 Na elección de representantes do alumnado no Consello Escolar do nivel concertado serán electores todos os alumnos e alumnas matriculados neste **a partir do primeiro curso** da educación secundaria obrigatoria[26].

---

[23]Decreto 92/1988, art. 35º.
[24]Decreto 92/1988, art. 36º.
[25]Decreto 92/1988, art. 50º2.
[26]Art. 56 LODE.

Art. 39 Son elixibles os electores cuxa candidatura fose proclamada pola Xunta Electoral.

Art. 40 A Mesa Electoral estará integrada polo director ou directora do Centro, que actuará como presidente/a, e dous alumnos designados por sorteo, actuando como secretario o alumno de menor idade. A Xunta debe prever o nomeamento de dous suplentes, que serán designados por sorteo[27].

A Mesa constituirase 15 minutos antes da hora fixada para o inicio da votación.

Art. 41 Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos avalados pola firma de 10 electores, ou os propostos por cada unha das Asociacións de Alumnos/as existentes[28] .

Os supervisores deberán presentarse diante da Mesa Electoral antes de iniciarse a votación, entregando o escrito ou aval que os acredite.

Art. 42 A votación terá lugar durante o horario escolar, e iniciarase á hora fixada polo director. Así mesmo, o director establecerá a orde na que han votar os alumnos segundo as clases ás que pertenzan, co fin de non perturbar o desenvolvemento das actividades docentes.

O acto da votación non se pechará ata que os alumnos da última clase exercesen o seu dereito ao voto.

Art. 43 A Xunta Electoral proclamará como representantes do alumnado no Consello Escolar do centro aos candidatos que obtiveran o maior número de votos. En caso en empate, a Xunta proclamará representante ao que posúa maior antigüidade no centro. En caso de igualdade, ao que resulte elixido en sorteo público[29].

CAPÍTULO SEXTO. NORMAS ESPECIAIS PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PAS.

Art. 44 Na elección de representantes do persoal de administración e servizos no Consello Escolar do nivel concertado serán electores as persoas que realicen funcións de natureza non docente no nivel concertado, sempre que estean vinculados ao centro por relación xurídica laboral ou canónica.

Art. 45 Son elixibles os electores cuxas candidaturas fosen proclamadas pola Xunta Electoral.

Art. 46 O acto de votación terá lugar nunha asemblea de persoal de administración e servizos con dereito a voto, convocada para o efecto polo director.

A asemblea considerarase validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes.

[27]Decreto 92/1988, art. 44º.
[28]Decreto 92/1988, art. 46º.
[29]Decreto 92/1988, art. 50º2.

Art. 47 Unha vez que se reúna a asemblea, constituirase a Mesa Electoral.

A Mesa estará integrada polo director ou directora, que a presidirá, o secretario ou secretaria do centro e o membro do persoal de administración e servizos de maior idade[30].

Art. 48 Constituída a Mesa Electoral, iniciarase a votación.

Durante a votación poderán facerse presente e exercitar o seu dereito ao voto os electores que non asistiran á Asemblea desde o seu inicio.

Unha vez voten todos os presentes pecharase o acto da votación.

Art. 49 No suposto de que onúmero de electores sexa **inferior a cinco**, a votación realizarase ante a Mesa Electoral do profesorado, nunha urna separada e á hora establecida para o efecto pola Xunta Electoral.

Art. 50 A Xunta Electoral proclamará como representante do persoal de administración e servizos no Consello Escolar ao candidato que obteña maior número de votos. En caso de empate, este dirimirase a favor do que posúa maior antigüidade no centro. En caso de igualdade, elixirase ao que resulte do sorteo público realizado para o efecto polo director ou directora[31].

Nos centros nos que exista só un membro correspondente a este sector, quedará automaticamente integrado no Consello Escolar[32].

CAPITULO SÉTIMO. RECLAMACIÓNS

Art. 51. Contra os acordos das Mesas Electorais e da Xunta Electoral poderanse presentar as correspondentes reclamacións. Quedan exceptuados de reclamación os acordos da Xunta que resolvan reclamacións contra acordos das Mesas Electorais.

As reclamacións dirixidas á Xunta Electoral presentaranse no prazo de **2 días** naturais desde a publicación do acordo impugnado[33] . As reclamacións contra os acordos das Mesas Electorais deberanse presentar dentro das 24 horas seguintes á súa adopción.

As reclamacións deberán formularse por escrito, no que conste o nome, apelidos, enderezo e DNI da/s persoa/s que efectúe/n a reclamación, o acto contra o que reclama, os motivos e a data. As reclamacións irán asinadas.

Os que presenten reclamación teñen dereito a que se lles entregue un resgardo que acredite esa circunstancia.

Art. 52 As reclamacións deberán resolverse no seguinte día lectivo á recepción da reclamación.

[30]Decreto 92/1988, art. 48º.
[31]Decreto 92/1988, art. 50º.
[32]Decreto 92/1988, art. 49º.
[33]Decreto 92/1988, art. 32º. 4

TÍTULO II

CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

Art. 53 O Consello Escolar constituirase logo de convocatoria dos seus membros efectuada polo director ou directora do centro, dentro dos 10 días seguintes á proclamación dos candidatos electos [34].

Art. 54 Á sesión de constitución do Consello Escolar serán convocados os candidatos proclamados pola Xunta Electoral como representantes dos pais e nais, do profesorado, do alumnado e do persoal de administración e servizos, así como os representantes da Titularidade do Centro e os representantes doutros grupos, de ser o caso.

Art. 55 A falta de representantes dalgún sector da comunidade escolar, por causas imputables a eles, non invalidará a constitución do Consello Escolar [35].

Art. 56 A Xunta Electoral solicitará do Titular a designación dos seus tres representantes para formar parte do consello escolar sempre que se produza unha renovación parcial, sen prexuízo de que o titular designe ás persoas que viñan ostentando esta representación anteriormente[36].

Artigo 57. Representante designado pola ANPA[37]

A Xunta Electoral solicitará da ANPA legalmente constituída no centro, ou a aquela que teña maior número de asociados de existir varias, a proposta do seu representante na renovación correspondente, dándolle un prazo de 10 días para o efecto. De non existir proposta da asociación, esta vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento que cos outros representantes dos pais e nais.

Artigo 58. Representante de organizacións empresariais en centros de FP[38]

Nos centros de Formación Profesional a Xunta Electoral solicitaralles, ás organizacións empresariais,ou institucións laborais que prestan a súa colaboración para a realización do módulo de Formación en Centros de Traballo, a proposta dun representante para o Consello Escolar con 15 días de antelación á constitución deste. As organizacións empresariais ou institucións presentarán a súa proposta polo menos cinco días antes da constitución do Consello Escolar[39].

Artigo 59. Representante do Persoal de Atención Educativa Complementaria.

Para a eleccións centros de EDUCACIÓN ESPECIAL ou nos centros ordinarios con unidades especializadas do representante deste persoal seguiranse as mesmas normas que as

[34]Decreto 92/1988, art. 52º.
[35]Decreto 92/1988, art. 53º.
[36]O. 28/08/1996, art. 13º.
[37] O. 28/08/1996 art. 8º
[38]O. 28/08/1996 art. 9º
[39]O. 28/08/1996, art. 9º.

establecidas para o PAS (artigos 44 a 50). Neste sector terán a consideración de electores o persoal titulado que preste servizos complementarios á docencia nas aulas especializadas de educación especial.

Art. 60. Quórum.

O quórum para a válida constitución dos órganos colexiados, aos efectos da celebración de sesións, deliberación e toma de acordos, requirirá a presenza do presidente ou presidenta e da persoa que ostente a secretaría do órgano, ou se é o caso, dos que os substitúan, e da metade, polo menos, dos membros. Se non existise quórum, o órgano constituirase en segunda convocatoria no seguinte día lectivo, no mesmo lugar e hora. Neste caso será suficiente coa asistencia de tres membros[40].

Art. 61. Reunións do Consello Escolar.

O Consello Escolar reunirase preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre, e sempre que o convoque o presidente ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. En todo caso reunirase ao inicio e ao remate do curso escolar[41].

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As presentes normas faranse públicas no taboleiro de anuncios do centro, na sala de profesores e no taboleiro de anuncios dos alumnos.

DISPOSICIÓN FINAL

O Titular do centro poderá desenvolver o contido das presentes normas. As modificacións ou as disposición que desenvolvan estas normas, unha vez aprobadas pola Xunta Electoral, faranse públicas segundo o disposto na Disposición Adicional Primeira.

A Guarda, 16 de outubro de 2026

O Representante da Titularidade: A Presidenta da Xunta Electoral:

Jesús Martínez Cadilla Mª Jesús Herrero López-Freire

[40] O. 28/08/1996, art. 14º.
[41] O. 28/08/1996 art. 15º